



SETEMBRO 2010

BOLETÍN ECOMUDES

www.redecomudes.org

FORMACIÓN

FORMACIÓN

DIVERSIFICACIÓN DE ACTIVIDADES EN ÁREAS RURAIS

Data: 20, 23, 27 e 29 de setembro de 2010
Lugar: Piñor (Ourense)
Horario: de 16:30 a 19:30
Organiza: FADEMUR

CURSO HOMOLOGADO DE NIVEL CUALIFICADO PARA A OBTENCIÓN DO CARNÉ DE APLICADOR/MANIPULADOR DE BIOCIDAS

Data: 15-20 de outubro de 2010
Lugar: Instalacións de Cacumen Lugo. R/ Concepción Areal, 18-1º. LUGO.
Organiza: Cacumen Lugo, S.L.U.

TÉCNICAS DE MONITORIZACIÓN E SEGUIMENTO EN ESPAZOS NATURAIS PROTEXIDOS

Data: 25-29 de outubro de 2010
Lugar: Vigo (PONTEVEDRA)
Organiza: MARM- Organismo Autónomo Parques Naturais

ANÁLISE DA MULLER NO MEDIO RURAL

Data: 25 e 26 de setembro de 2010
Lugar: Escola Unitaria O Rosal, Neda (A. CORUNA)
Horario: de 10-12 e de 15-17 h.
Organiza: FADEMUR

XORNADAS E CONGRESOS

XORNADAS E CONGRESOS

RÉXIME XURÍDICO DA IGUALDADE

Data: 27-29 de setembro de 2010
Lugar: Sede Fundación Caixa Galicia. C/ Cantón Grande 21-24. A CORUÑA
Organiza: Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

SUPERVISIÓN DE CASOS NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Data: 18-20 de outubro de 2010
Lugar: Santiago de Compostela
Organiza: Ministerio de Sanidad y Política Social

MELLORA EMPRESARIAL PARA O PEQUENO COMERCIO: IMAXE COMERCIAL, PUBLICIDADE E DESEÑO DE PROMOCIONS

Data: 21 de setembro de 2010
Lugar: Cámara oficial de comercio de Ferrol.
Organiza: BIC Galicia

XORNADA DE XESTIÓN DE RESIDUOS. INNOVACIÓN E CICLO DE VIDA DE MATERIAIS NA CONSTRUCCIÓN

Data: 22 de setembro de 2010
Lugar: Sede da Fundación Caixa Galicia de Ferrol
Organiza: Ecoinnova-construcción

MASTER EN XESTIÓN DE MEDIO AMBIENTE, CALIDADE E INNOVACIÓN

Data: 1 de outubro de 2010 - 30 de xuño de 2011
Lugar: Aula de Formación Fundación Instituto Tecnológico de Galicia. POCOMACO. Sector 1, portal 5. A CORUÑA
Organizador: Instituto Tecnológico de Galicia

MEDIDAS AGROAMBIENTAIS NO SECTOR AGRARIO

Data: 17 e 18 de setembro de 2010
Lugar: Hotel- Rte. Bruma, A Gudiña (OURENSE)
Organiza: Unións Agrarias-UPA

CONFERENCIA DA AUGA "PROTEXAMOS A NOSA ESENCIA"

Data: 24-25 de setembro de 2010
Lugar: Palacio da Opera (A CORUÑA)
Organiza: Augas de Galicia

EXPOBIOENERXÍA 2010

Data: 27-29 de outubro de 2010
Lugar: Valladolid
Organizador: AVEBION
Inscripción: a través do fax 975 239 677

PREMIOS FUNDACIÓN MAPFRE, CONVOCATORIA 2010

Data: ata o 2 de novembro de 2010
Convoca: Fundación Mapfre
Categorías de premios: "a toda unha vida profesional", "desenvolvemento da traumatoloxía aplicada", "mellor actuación medioambiental" e "superando barreiras".

CONSTRUCCIÓN E REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS: INCORPORACIÓN DA EFICIENCIA E AFORRO ENERXÉTICO

Data: 14-16 de outubro de 2010
Lugar: Centro Social Caixanova, SANTIAGO DE COMPOSTELA
Organiza: Ecoinnova- construcción

SUBVENCIONS

SUBVENCIONS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 27 de agosto de 2010 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión de axudas establecidas na orde do 28 de decembro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan para o ano 2010 as axudas para o fomento da silvicultura en bosques no medio rural (DOG mércores, 1 de setembro de 2010, nº 168,

pax. 15346).

Orde do 1 de setembro de 2010, do departamento de industria, comercio e turismo, pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan para o exercicio 2010, subvencións para o uso eficiente da enerxía e aproveitamento de enerxías renovables. (BOA, mércores, 15 de setembro do 2010, nº 181, pax. 21413).



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
El FSE invierte en tu futuro



Colaborador :
FADEMUR
Federación Agraria de Galicia

M^a FE BLANCO GONZÁLEZ. EMPRESA E-REICLAXE (LALÍN)

O exemplo desta emprendedora é sen dúbida un dos casos de superación persoal da muller no medio rural. M^a Fe Blanco González optou por autoempregarse despois de varios anos de traballo por conta allea e logo dunha etapa de paro na que a busca de traballo se estaba a complicar.

Chegado este momento, e con fillos de curta idade, decidiuse por traballar preto da casa, por conta propia, e con un traballo que lle permitira compatibilizar a vida familiar coa vida laboral. Este punto era o máis importante, o coi-

dato e atención que os fillos requiren determinaríala o seu porvir laboral. Logo dunha etapa de busca de iniciativas, de ideas e de estudo dos mercados, decidiuse polo sector ambiental.

A motivación persoal polo coidado do medio ambiente, xunto co crecemento deste sector en tódolos campos axudaron a decidirse na liña de negocio a montar. Ao fin decidiuse polo sector de reciclaxe de cartuchos de tóner e tinta, xa que é un mercado amplamente estendido polos fogares de Galicia, e cando máis, nos polígonos e parques

empresariais onde o material informático se converte nunha ferramenta indispensable para o traballo diario. Cabe destacar a vontade e o desapeño empresarial levado a cabo por M^a Fe, xa que fixo varios viaxes ao estranxeiro co fin de coñecer empresas co mesmo perfil e visitar feiras sobre a tecnoloxía da tinta e da impresión.

E-Reciclaxe está situada nas aforas de Lalín, preto do Polígono Industrial, e dispón de unha boa zona de aparcamento de maneira que facilita aos clientes o paso pola tenda. A boa marcha do nego-



cio supuxo aumentar en unha persoa máis o número de empregados cos conseguintes beneficios para o mantemento da poboación no medio rural galego.

PROXECTOS-INITIATIVAS EMPRESARIAIS

“CALIDAD RURAL, UNA ETIQUETA PARA LA CALIDAD TERRITORIAL”

O proxecto “Calidad rural, una etiqueta para la calidad territorial” fomenta a calidade ambiental e social das zonas rurais. Este proxecto coordinado polo Centro para o desenvolvemento do Valle del Eze-Entrecabos (Asturias) conta co apoio do MARM a través da Dirección General de Desarrollo Sostenible del Medio Rural. Os obxectivos desta iniciativa son afianzar a calidade territorial dos territorios rurais portadores da Marca de Calidade Territorial Europea (MCTE), dispoñer dun plan de promoción da MCTE que chegue aos consumidores europeos, consolidar e ampliar os mercados dos produtos e servizos certificados así como homoxeneizar os instrumentos das marcas territoriais. Neste proxecto, que afecta a Andalucía, Asturias, Castela A Mancha, Castela e León, Cataluña e Extremadura, o MARM invirteu 1.310.000 euros.

PROXECTOS-INITIATIVAS EMPRESARIAIS

“MEJORA DE LA COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS ECOLÓGICOS Y ARTESANALES”

O proxecto “Mejora de la comercialización de productos ecológicos y artesanales” promove a revalorización de estas producións. Este proxecto, presentado pola Asociación Comité Andaluz de Agricultura Ecológica, esténdese a Andalucía e Castela A Mancha, e ten entre os seus obxectivos desenvolver ferramentas para a avaliación a nivel empresarial das capacidades e habilidades para a comercialización de produtos por parte de pequenos produtores e crear un estándar de certificación medioambiental e outro de certificación social.

FEIRAS E EXPOSICIÓNS

VII FEIRA ECOLÓXICA DE ARZÚA

Data: 2 e 3 de outubro de 2010
Lugar: Recinto Multiusos Terra do Queixo
Organiza: Concello de Arzúa
Constará de produtos artesanais, visitas guiadas ao Centro do mel e do queixo, demostracións de artesanía en coiro e cestería, xogos, obradoiros e mesas redondas.

FEIRAS E EXPOSICIÓNS



ACTUALIDADE

Pasar do laboreo convencional á agricultura de conservación ten un potencial de sumidoiro de 5,7 toneladas de CO₂ por hectárea e ano. En relación ao freo do cambio climático, é necesario buscar solucións que pasen tanto por lograr sistemas de produción alternativos, coma a agricultura de conservación, a ecolóxica ou a de proximidade, como pola mellora ambiental e o reciclaxe de sistemas agrarios de produción intensiva. Outro dos

retos aos que se enfrenta a agricultura son a erosión do solo e a perda de biodiversidade. Para facer fronte, débese manter o solo cuberto de restos da colleita anterior, ou de cubertas vexetais, que manteñen os seus sistemas radiculares, co que se minimiza o impacto directo das gotas e se favorece o incremento da infiltración e redución da escorrentía.

ACTUALIDADE

NOVIDADES

O Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino editou a Memoria “El medio ambiente y el medio rural y marino en España 2009”, que recolle as actuacións levadas a cabo polos distintos centros xestores e unidades de departamento ao longo do exercicio de 2009. A Memoria detalla as distintas políticas desenvolvidas ao longo do ano así como as relacións de Departamento con outras administracións, entidades e axentes implicados en estas materias no ámbito nacional e internacional. Podes descargar a Memoria en: <http://www.mapa.es/es/ministerio/pags/publicaciones/introrevistas.htm>.

A Comisión Europea lanza unha consulta a través de

NOVIDADES

Internet para recabar o parecer de un amplo abanico de partes interesadas sobre as opcións políticas aplicables á estratexia da UE sobre biodiversidade despois de 2010. Recollese a opinión dos cidadáns, os interesados, as administracións públicas, empresas e sociedade civil en canto a unha serie de cuestións tales como as deficiencias da actual política sobre biodiversidade, o novo plantexamento proposto pola Comisión, agricultura e biodiversidade, os aspectos económicos da biodiversidade, etc. A consulta levarase a cabo ata o 22 de outubro de 2010 na seguinte dirección: <http://ec.europa.eu/environment/consultations/biodecline.htm>.